



RESOLUCIÓN do Director Xeral de Xustiza do 15/09/2021, pola que se resolve a convocatoria de provisión temporal de postos de traballo mediante o sistema de substitución.

Con data 08/09/2021 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adjudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 08/09/2021.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada na presente resolución e no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adjudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adjudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O gozo dos permisos ou vacacións que os adjudicatarios/as teñan autorizados no posto dende o que participou queda supeditado á súa confirmación polo/a superior funcional da unidade de destino.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adjudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).



**ANEXO I**

Órgano xudicial da desocupación:	Aud. Prov. Sección n. 1 A Coruña		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sara Bello Martínez		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	A Coruña	Corpo:	CAX
Data de inicio da substitución:	22/09/2021		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instrución n. 1 Santiago de Compostela		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Eva Dorado Lebón		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Santiago de Compostela	Corpo:	CXPA
Data de inicio da substitución:	22/09/2021		

Órgano xudicial da desocupación:	Aud. Prov. Sección n. 2 Lugo		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Deserta		

Órgano xudicial da desocupación:	Decanato. Servizo Común de Actos de Comunicación e Execución Vigo		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Marta Gil Furelos		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Vigo	Corpo:	CTPA
Data de inicio da substitución:	22/09/2021		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. Instrución n. 2 Pontevedra		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Trinidad López Iglesias		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Pontevedra	Corpo:	CTPA
Data de inicio da substitución:	22/09/2021		

Órgano xudicial da desocupación:	Xdo. 1ª Instancia e Instrución n. 3 Vilagarcía de Arousa		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	José Ferreirós Ferro		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Caldas de Reis	Corpo:	CTPA
Data de inicio da substitución:	22/09/2021		

